



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tif. 988 385 203 Tif/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

ELVIRA LAMA FERNÁNDEZ, voceira e deputada do Grupo Provincial Socialista da Deputación Provincial de Ourense, en base ó previsto na Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local, no Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (artigos 14,15 entre outros) e Regulamento Orgánico da Corporación (artigo 10 entre outros) e demais normativa aplicable,

EXPON

Que con data 6 de marzo pasado solicitamos relación de provedores correspondente a Declaración Anual de operacións con terceiras persoas 2019, da mesma forma que se fixo en exercicios anteriores co obxecto de realizar a función de control que nos corresponde.

Sorprendentemente en vez de facilitarnos a relación das empresas ou persoas físicas que realizaron a operación, fannos chegar unha relación de DNI ou CIF o que non dí nada sobre o obxecto da función de control por un grupo político.

Aparte de tardar 26 días en dar resposta se nos facilita un documento que nada ten que ver co obxecto que nos corresponde. Unha vez máis impídese que este grupo político realice a súa función. Requírese o presidente a que entregue a información que se demanda polo que

SOLICITA

A relación de empresas e persoas físicas que durante o exercicio 2018 e demais datos (non DNI ou CIF) que forman parte da Declaración Anual da Deputación con terceiras persoas.

En Ourense, 2 de abril de 2019,

Asinado: Elvira Lama Fernández

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

www.psdggsdepoourense.es
socialistaourense@gmail.com

Facebook: PSdeGDepOU
Twitter: @PSdeGDepOU